

## A emerxencia do Prerrexurdentismo a través da vontade do didactismo da literatura galega decimonónica: o *Himno Gallego a S.M. la Reina Doña Isabel 2<sup>a</sup>* de Vicente de Turnes

Xulio Pardo de Neyra<sup>1</sup>

Recibido: 12 de abril de 2017 / Aceptado: 2 de xuño de 2017

**Resumo.** Centrado nun himno galego decimonónico, redixido e publicado nos mediados do século XIX por Vicente de Turnes, este estudo analiza a vocación dunha literatura consciente do seu papel cara á institucionalización dun movemento claramente definidor da súa calidade, o *Rexurdimento*. Nesta misión, o interese didáctico é quen de nos descubrir como, desde o espazo do circunstancial, na Galiza do XIX se articula un compromiso que, desde o popularismo, se incardina no didactismo máis evidente.

**Palabras chave:** Literatura galega; Prerrexurdentismo; didáctica da literatura galega; crítica literaria; Vicente Turnes.

### [es] La emergencia del *Prerrexurdentismo* a través de la voluntad del didactismo de la literatura gallega decimonónica: el *Himno Gallego a S.M. la Reina Doña Isabel 2<sup>a</sup>* de Vicente de Turnes

**Resumen.** Centrado en un himno decimonónico gallego, escrito y publicado a mediados del siglo XIX por Vicente de Turnes, este estudio analiza la vocación de una literatura consciente de su papel hacia la institucionalización de un movimiento claramente definidor de su calidad, el *Rexurdimento*. En esta misión, el interés didáctico nos descubre cómo, desde el espacio de lo circunstancial, en la Galiza del XIX se articula un compromiso que, desde el popularismo, se incardina en el didactismo más evidente.

**Palabras clave:** Literatura gallega; Prerrexurdentismo; didáctica de la literatura gallega; crítica literaria; Vicente Turnes.

### [en] The Emergence of the *Prerrexurdentismo* through the Will of the Didacticism of the Nineteenth-Century Galician Literature: the *Himno Gallego a S.M. la Reina Doña Isabel 2<sup>a</sup>*, by Vicente de Turnes

**Abstract.** By focusing on a nineteenth-century Galician hymn, written and published in the mid-nineteenth century by Vicente de Turnes, this study analyzes the vocation of a literature that is aware of its role in the institutionalization of a movement which clearly defines its quality: the *Rexurdimento*. In this mission, its didactic interest reveals how, from the space of circumstance, in 19<sup>th</sup> century Galiza a commitment develops which, from popularism, is tied up with the most obvious didacticism.

**Keywords:** Galician Literature; Prerrexurdentismo; Didactics of Galician Literature; Literary Criticism; Vicente Turnes.

**Sumario.** 1. Introducción. A aparición dun himno galego no arquivo dun liberal lucense. 2. Contextualización dun documento de circunstancias na Galiza decimonónica do Prerrexurdimento. O proxecto literario-político da á liberal galega. 3. A conciencia didáctico-literaria de Turnes na Galiza prerrexurdentista. 4. Conclusións. 5. Fontes documentais e referencias bibliográficas.

**Como citar:** Pardo de Neyra, X. (2017): “A emerxencia do Prerrexurdentismo a través da vontade do didactismo da literatura galega decimonónica: o *Himno Gallego a S.M. la Reina Doña Isabel 2<sup>a</sup>* de Vicente de Turnes”, *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos* 20, pp. 147-158.

<sup>1</sup> Universidade da Coruña, Departamento de Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación.  
E-mail: xulio.pardodenebra@udc.es

*A Pili. Sempre a Pili*

## 1. Introducción. A aparición dun himno galego no arquivo dun liberal lucense

Na Casa-Grande de S. Martiño de Carballido a rentes de Lugo, hoxe propiedade da familia Pérez-Batallón Ordóñez, custodiase o rico arquivo familiar dos e das Pérez-Batallón, unha caste sarriá que a finais do século XIX, xa moi favorecida pola fortuna, asentou na cidade dos muros romanos –logo de emparentar cunha sobriña do célebre *ilustrado* lugués Juan Francisco de Castro (1721-1790)–, onde principalmente destacou pola súa formación académica e profesional<sup>2</sup>. Procedente dunha rica casa labrega, Manuel Pérez Fernández Batallón (1803-1870), fillo dun Pérez de Montán e dunha Fernández Batallón de Castelo dos Infantes, pertencía a unha xínea xa posicionada no espectro de propietarios agrarios na contorna samanense-sarriá. Tras dunha sólida formación intelectual, quixo recuperar, tras do seu apelido de agnación, unha vella designación alcumística familiar que lembraba que a súa

caste uterina procedía de xentes que desempeñaran oficios militares.

Brillantemente licenciado e doutorado en Leis pola Universidade compostelá, entre 1831-1834 Batallón ocupou os cargos de alcalde maior e correxedor das vilas de Sisante e Vara de Rey (Cuenca). E despois de exercer a avogacía detentou postos municipais en Sarria e destacou na política local e provincial –en 1861 é alcalde maior de Monforte de Lemos–, actuando como rexistrador da propiedade do partido xudicial de Monforte desde 1862, ano da súa creación. Mercé aos seus contactos co ministro fernandino Luis López Ballesteros y Varela, señor da casa d’A Golpilleira en Arousa –a Batallón valeulle especialmente o seu tío materno Manuel Fernández Batallón, párroco de Vilagarcía de Arousa, falecido alí en 1843–, xa deputado provincial, Pérez Batallón decide participar máis activamente aínda na política hispánica e galega de corte e carácter liberais e dinásticos<sup>3</sup>. Esta é a razón pola que en 1858, por mor da presenza de non poucos próceres e políticos locais, a carón e á calor do proxecto unionista deseñado por O’Donnell, temos

<sup>2</sup> Quero agradecer ao avogado lugués Francisco Javier Pérez-Batallón Ordóñez, tataraneto do referido Manuel Pérez Batallón, tanto a consulta do seu arquivo familiar como as facilidades que me deu ora para a consulta, ora para a reprodución deste texto galego que ese seu devanceiro custodiou logo de ter asistido á visita real compostelá de 1858, onde se fixo con el. Só con consultarmos o arquivo dos e das Pérez-Batallón de Lugo comprobamos como é precisamente Manuel Pérez Batallón o que comezou a organizar e a sistematizar todos os documentos da caste da súa esposa, desenvolvendo un grandísimo interese por iniciar un arquivo propio, gardando para iso toda a documentación que daba contas do seu periplo vital e das súas actuacións político-administrativas. Posteriormente, foi o devandito tataraneto do Dr. Pérez Batallón quen, con criterios modernizadores, reformulou con grande acerto a nova organización da documentación de Batallóns e Arias Losada.

<sup>3</sup> Casado en 1837 con M<sup>a</sup> Dolores Arias Losada y Novoa, da familia levadora das posesións da torre de Mosteiro en Barbadelo (Sarria) –moi ben posicionada na sociedade da cidade de Lugo por ser, como dixen, sobriña materna do Dr. Castro–; a través deste casorio comezou a súa verdadeira introdución no espectro das familias dunha xa menos operativa socialmente fidalguía galega, malia que aínda detentadora dos beneficios que reportaba o feito de ensinar boa parte do territorio da Galiza. Foi el quen conseguiu sanear o patrimonio familiar dos Arias Losada, adquirindo durante a desamortización decimonónica a propiedade directa do haber agrario dos seus sogros, que incrementou máis que notabelmente debido a un exitoso desenvolvemento da profesión de avogado na vila de Sarria, onde entre 1834 e 1862 se posicionou como o maior propietario do lugar: así, entre 1855-1861 adquiriu, por compra ao conde de Lemos, a metade da propiedade da vella fortaleza de Sarria –a outra metade comprouna o concello, que a tiña destinada a derrubala e facer dela un soar, algo que efectuou parcialmente–, facendo dos restos do que ficaba en pé o propio mirador da súa casa, que construíu, ampliando o que por entón se chamaba *a casa do catedrático*, fronte da única torre que aínda estaba ergueita. Tras exercer como xuíz municipal de Sarria, en 1862 foi nomeado pola raíña Isabel II rexistrador da propiedade do partido de Lemos aproveitando a promulgación da primeira lexislación hipotecaria española e a creación do corpo de rexistradores da propiedade. Así mesmo, despois de detentar relevantes postos administrativos en Sarria, en 1854 foi nomeado deputado provincial lucense por aquel partido, e desde 1857 actuou, na deputación de Lugo, como vogal da Comisión Permanente de Estatística do referido partido. Por outra parte, ben por medio dunha meditada posta en funcionamento dun sistema rendeiro herdado pola súa esposa e adquirido por el mesmo, así como por medio de investimentos especialmente no *Banco de San Fernando*, logo *Banco de España*, o Dr. Pérez Batallón consolidou unha fortuna moi relevante. No ámbito ideolóxico, o seu exercicio como defensor da causa isabelina mesmo o levou a actuar de modo destacado nos conflitos carlistas da bisbarra de Sarria, provocando posteriormente que fose obxecto dalgunha persecución orquestrada pola esfera máis reaccionaria daquela contorna.

Manuel Pérez Batallón en Santiago de Compostela celebrando unha das visitas da xira que a por entón raíña española Isabel, acompañada da súa familia, estaba a efectuar pola xeografía dos seus territorios para tratar de lavar a debilitada imaxe que posuía entre a poboación española, por entón moi ocupada en desdouros cara a unha monarca da que sabido era o seu pouco interese polos labores de goberno e que era obxecto de grazas emanadas da súa afección cara ás relacións con varios militares, que mesmo se sinalaban como pais dos fillos e fillas que a herdeira de Fernando VII estaba a parir. Eis, xa que logo, o compromiso da á liberal galega, mesmo da confesa e ferventemente galeguista, por un proxecto que, como o dinástico odonnelliano, aseguraba que a filla daquel desdourado Fernando VII era a representante máis indicada para o mantemento dunha ideoloxía iberista moderna e de precisa vocación liberal. Deste xeito, para tratar de achegar ás masas populares a figura da raíña, a *tournée* isabelina significase para a Galiza, e sobre todo para a certamente perigosa ideoloxía dos iconoclastas galeguistas decimonónicos, como o medio de transmisión máis óptimo e destacado en aras da consolidación do aparello do *nation-building* que viría por facer da caste dos Borbóns descendentes da Isabel II paradigma de liberalismo, espírito democrático, aceptación constitucionalista e, sobre todo, expresión do popularismo máis castizo.

Presento neste estudo, por tanto, un documento até o momento non analizado e que algún estudioso ou estudiosa da literatura galega (Carvalho Calero, Couceiro Freijomil, Vilavedra) recolleu mais sen chegar a consultalo. Na actualidade, ademais, consérvanse dous exemplares na Biblioteca da Universidade de Santiago de Compostela, onde se custodian coas signaturas ref. RSE.VAR 19 e ref. RSE.FOLLXIII. Non obstante, o exemplar que aquí se analiza pertence a un arquivo particular, o dun prócer local de relevante importancia político-administrativa no Lugo da súa época. Deste xeito, por esta circunstancia accederemos ao comportamento de parte da á liberal galega, en concreto avaliando como foi un dos vellos compañeiros de estudos do propio Turnes del Río Maldonado o que quixo gardar un dos exemplares que hoxe conservamos do himno galego.

Non cabe dúbida de que, segundo o atinado xuízo de Carvalho Calero, Turnes “foi un

afervoado e infatigable cantor dos acontecementos palatinos. Como outros santiagueses seus contemporáneos, estaba sempre disposto a fiar na súa roca poética unha letrilla ou unha oda con motivo de calquer suceso que tocase á real familia” (Carvalho Calero 1962: 67). Así, en 1829 e despois de terlle agasallado á causa fernandina española unha “letrilla gallega *A los regios desposorios del señor D. Fernando VII con D<sup>a</sup> María Cristina*”, como segue a expor o prof. ferrolán, en 1843 Turnes redixiu un novo texto louvador da declaración da maioría de idade e da proclamación da raíña Isabel II. En 1852 dedicoulle unhas oitavas aos duques de Montpensier, encargados de “facen a ofrenda nacional ao Apóstolo”, e finalmente, en 1858, por mor da visita real compostelá da raíña e a súa familia, di Carvalho como compuxo senllos textos, o himno do que estou a tratar e unha nova “letrilla gallega a S.M. la reina doña Isabel II en su llegada a la ciudad de Santiago” (cf. Carvalho Calero 1962: 68). Carvalho sinala como ambos foron compilados no “Viaje de SS.MM. y AA... en el verano de 1858. Escrito por D. Juan de Dios de la Rada y Delgado”, publicado en Madrid en 1860, mais expondo que descoñece se o segundo se corresponde co que Bouza-Brey citaba en “La joven Rosalía en Santiago” como “V. de T.: *Himno gallego a S.M. la Reina Doña Isabel 2<sup>a</sup> en su llegada a la ciudad de Santiago*”, impreso no establecemento de Jacobo Souto e fillo en 1858 (cf. Carvalho Calero 1962: 68, n. 4 e 5), que precisamente é o texto ao que fago mención. Por outra parte, nas súas achegas fragmentarias, nin Couceiro nin Vilavedra quixeron dar máis datos sobre do himno, incluíndoo, iso si, nunhas listaxes de obras da autoría de Turnes e no primeiro caso, amais, asignándolle unha data errónea (cf. Couceiro Freijomil 1954: 423, Vilavedra 1995: 582).

Debido, pois, á relevancia política de Pérez Batallón e porque se descoñecen os ou as posíbeis expropietarios ou expropietarias dos exemplares que hoxe se gardan na biblioteca compostelá, preocupareime do exemplar que na actualidade se conserva a rentes da cidade de Lugo, tratando de recuperar ora a proxección de Turnes, ora a de Batallón, no devir do liberalismo galego do século XIX. Este é un dos imperativos metodolóxicos do traballo, orientado cara a unha crítica literaria que non rexeita nin os argumentos didácticos nin os históricos, sistematicamente esquecidos pola crítica galega.

## 2. Contextualización dun documento de circunstancias na Galiza decimonónica do Pre-rrexurdimento. O proxecto literario-político da á liberal galega

Nunha época especialmente convulsa na política como foi a do século XIX español –só entre 1833 e 1868 se constituíron cincuenta e cinco equipos de goberno–, o tránsito cara ao que se adoita denominar Estado Liberal representou un problema de especiais características nuns territorios que, como os adscritos á monarquía dos Borbóns-Castela, non partillaban a mesma visión a respecto do réxime no que debía descansar o aparello *nacional*. Por outra parte, o traballo das ás descentralizadoras da ideoloxía do período tratou de virar o concepto ultraunitarista que rexía nas elites de poder do aínda non chamado reino de España. Foi desta forma como, aleitada fundamentalmente pola esfera castrense hispánica, a monarquía, cuxa cabeza, e non moi asentada debido ao vivo conflito provocado polo extremo tradicionalismo da á carlista, estaba en mans da maquinaria militar. A ela debemos o programa redefinidor do unionismo liderado polo recentemente creado duque de Tetuán, de firme espírito marcial e convencidas argumentacións nacionalistas, que considerou que nada era mellor que pasear o que se denominaba *a familia real* por varios lugares da monarquía borbónica, mesmo por terras de Portugal, para tratar de lles dar un baño de masas posibelmente capaz de transformar o descrédito no que estaba ensumida a coroa española desde as non moi afastadas actuacións daquel monarca que permitira a entrada do invasor francés nas terras que rexía. Xa que logo:

en este ambiente se promovieron cinco viajes entre 1858 y 1866 durante los cuales la Familia Real recorrió la geografía española y Portugal. La visita a Galicia se desarrolló entre el 1 y el 14 de septiembre de 1858 y los viajeros acudieron a los enclaves de Ferrol, A Coruña, Santiago de Compostela, Betanzos y Lugo, capitales del antiguo Reino de Galicia (...) Isabel II estuvo en todo momento acompañada por el rey consorte, Francisco de Asís, la infanta María Isabel, que contaba casi siete años de edad, y el príncipe de Asturias, el futuro Alfonso XII, que aún no había cumplido el primer año; el elenco de autoridades se completaba con el presidente del Gobierno, O'Donnell, y el ministro de Estado, Calderón Collantes. Entre los miembros que se sumaron desde Galicia estaban los gobernadores civiles, los alcaldes y los concejales, los obispos

y prelados, las corporaciones locales y la comisión de la industria y el comercio, así como una larga nómina de otros integrantes. Es decir, la elite política, económica y cultural se adhirió a la organización y celebración de la visita de Isabel II a Galicia actuando como medio de transmisión del *nation-building* que se pretendía diseminar como medio de afianzamiento de la cultura política liberal y como soporte eficaz de la institución monárquica.

Se organizaron actos litúrgicos, desfiles, visitas a centros de producción y exposiciones, ofrendas de productos locales, fiestas y celebraciones con cabalgatas de carrozas alegóricas, espectáculos de luminarias, banquetes, besamanos, serenatas, salidas públicas y paseos por las calles principales de las ciudades, donde Isabel de Borbón enseñaba a su hijo Alfonso como símbolo de la continuidad dinástica. El entusiasmo de la sociedad que reflejan tanto la crónica oficial como las noticias de los diarios muestran que todo sucedió con un gran alborozo popular a la hora de recibir y acompañar a Isabel II en su estancia: los aplausos y los vivas junto con los cánticos, himnos y versos que se declamaban al paso de la comitiva en los desfiles, en gallego y en castellano, y las gaitas y líricas populares mezcladas con las melodías de las bandas castrenses y el repique de las campanas de las iglesias nos transmiten el espectáculo y el disfrute del ambiente festivo en el que el pueblo gallego recibió a los monarcas. Desde las administraciones locales gallegas se hizo un considerable esfuerzo para poder estar a la altura de las circunstancias y acoger en unas condiciones adecuadas a la Familia Real y a la comitiva gubernativa y de servicio que la acompañaba. (Barral Martínez 2013: 389)

Había case vinte anos que, sobre todo cristalizado ao amparo do espírito libertario da *Universidad Literaria de Santiago*, o pensamento progresista galego, abertamente diferenciado do españolista, dera á luz o que coñecemos como provincialismo. Baixo dos seus ditados, amais da clara asunción dunha vontade historicista que consideraba a Galiza como un obxecto minorizado nos destinos dun espazo ibérico no que debía ocupar unha maior proxección, mercé ao empurre de Faraldo, que aglutinou un fato de universitarios reformadores, e aleitado polas pautas da fértil estética do romanticismo; foi como aquela nova ideoloxía se presentara por medio dun acto sen precedentes. Falo do pronunciamento de Lugo de 1846, iniciado polo militar Solís y Cuetos e secundado polo *Batallón Literario* compostelán,

onde se situaron os autores das primeiras proclamas, Romero Ortiz e ese referido Faraldo. Posteriormente, na década de 50, un novo grupo de xoves iconoclastas formado á calor do *Liceo de la Juventud de Santiago* secundou o programa daquel malogrado pronunciamento que rematou co asasinato de Solís e os *mártires de Carral*. Deseguido, literatos e literatas, xornalistas e historiadores como Vicetto, Murguía, Rosalía, Pintos ou Pondal adquiriron protagonismo tal que principais figuras da nova redefinición dun feito provincialista que axiña pasaría a se cualificar como *rexionalismo*, repregándose fundamentalmente na expresión ideolóxica cultural.

Nesta esfera de novos valores prerrexurdentistas é onde se sitúa un valor de especial relevancia para as letras galegas, o compostelán Vicente de Turnes del Río Maldonado<sup>4</sup> (1786-1865) –procedente dunha caste fidalga oriúnda de Poulo en Ordes, na que rexistramos non poucos membros da Inquisición, alto persoal eclesiástico, mesmo médicos e profesores da Universidade–, quen como Pérez Batallón, do que foi amigo e colega de aulas, se licenciou, tamén doutorándose máis tarde en Leis, nesa peculiar Universidade compostelá.

Liberal declarado, e como Batallón cren-te na causa borbónica española, Turnes axiña destacou como colaborador da prensa galega, participando activamente na *Real Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago*, para a que mesmo elaborou unha memoria centrada na reforma agraria, institución onde puido coñecer ben de preto o labor dese futuro tío político do seu compañeiro de estudos. Pro-lífico poeta patriótico, satírico e de vilancicos, á musa Turnes del Río atribuíronselle senllas

*tertulias* de indubidábel valor para unha literatura galega auroral de fortes resaibos popularistas e, por suposto, aínda de gran vocación circunstancial, as *Tertulias de Picaños* e os *Diálogos en la Alameda*, ambas imprentadas en 1836. Estamos ante unha vontade, a desta vea circunstancial, que segue a informar de que as letras dos mediados do XIX galego estaban aínda –e desde había catro centurias<sup>5</sup>– repregadas nun ámbito especialmente doméstico e case reservadas para os exercicios menores, exercicios que en suma non puidesen informar da xa perdida viveza e do enorme protagonismo cultural que desenvolveran como proxecto dun pobo cuxa lingua se situara no cumio da mesmísima cultura europea de tempos idos. Ambos argumentos que, non por acaso, tanto a esfera provincialista como a rexionalista van utilizar para tratar de equiparala ao resto de culturas ibéricas e para conferirlle a dimensión que só no século XX, co proxecto dos homes e das mulleres da Época Nós, virará por dotala dun carácter de cultura nacional.

### 3. A conciencia didáctico-literaria de Turnes na Galiza prerrexurdentista

Como tantos e tantos persoeiros da política, a sociedade, o estrato clerical e o comercio compostelán e mesmo galego –o caso do avogado Pérez Batallón–, Vicente de Turnes foi un dos asistentes aos fastos da visita da familia Borbón-Borbón á Compostela de 1858. E seguindo os intereses político-historicistas de figuras como Montero Aróstegui, exhibindo eses seus xa vellos intereses provincialistas, a musa dun Turnes adoito preocupado, como o seu predecesor Zernadas y Castro, pola redacción de proclamas e textos poéticos capaces de incitar,

<sup>4</sup> Ese foi o nome que usou una documentación oficial, mesmo en boa parte das súas obras. Xusto e rigoroso é, pois, que se lle chame así.

<sup>5</sup> O pouco beneficioso sintagma ‘séculos escuros’ para a época que abranxe da morte do marechal Pero Pardo á publicación dos *Cantares gallegos* rosalianos, que debemos ao incansábel *atelier* de Carvalho Calero vén confirmar que as letras galegas que van do século XV ao XIX non son máis que as manifestacións dun pobo lesionado e sometido á vontade imperialista do espírito castelanista dunha coroa que, por mor da forza da cultura da Galiza, da que propiamente emana a española, tratou de conseguir moi exitosamente inclinar a xenética da súa mesma procedencia do que desde o proxecto político trastamarista se chamou *o principado de Asturias*. Algo moito menos perigoso e moito máis amábel para a consecución dun impecábel unionismo basculado na dimensión castelá. Aínda así, e malia que desde os momentos posteriores ao asasinato do militar baluro na Praza Maior de Mondoñedo, a situación do extinto reino da Galiza confirmou que a súa cultura era algo menor, rexoubeira e en todo caso permitida –ou non– pola benignidade das esferas do poder castelán, non deixa de ser curiosa a existencia e o labor de intelectuais como Diego de Zernadas y Castro, quen fóra da rota do simplemente circunstancial dedicou o seu interese a se facer eco e adaptar as letras da Galiza á estética barroca que triunfaba na Europa do XVIII, á parte, por suposto, de seguir a practicar ese popularismo prosmeiro alegremente permitido polas autoridades foráneas (cf. Pardo de Neyra 2002).

e á vez dar contas dun seguimento puntual do programa patriótico-nacionalista emanado da esfera dinástica española, claro que en chave galega, decide compor un ilustrador himno que puidese amosar a enerxía e a aceptación do unionismo españolista borbónico, só que direccionado cara ao galeguismo no que a súa á confiaba. Xorde así o “Himno Gallego a S. M. la Reina Doña Isabel 2ª y a su augusto hijo el Serenísimo Señor don Alfonso, Príncipe de Asturias”, que o establecemento compostelán dos impresores Jacobo Souto e fillo tiraron na súa oficina, sita na casa núm. 10 da Rúa da Porta do Camiño. Isto sucedía nos finais de outubro de 1858, por suposto logo de telo redixido pouco antes tras coñecer o seu autor, que simplemente quixo asinalo como “V. de T.” –algo xa practicado por el e que, como é lóxico, nos informa da escasa importancia que lle estaba a dar a este escrito–, a próxima visita da parella Borbón, a raíña Isabel e o seu curmán e esposo legal o infante Francisco de Asís de Borbón, acompañada da súa filla primoxénita e do seu fillo home, unha infanta Isabel de seis anos de idade e un Alfonso meniño xa xurado como príncipe de Asturias, quen por entón aínda non contaba cun ano de vida.

Secomasí, e dada tanto a urxencia da situación como os intereses popularistas do texto de quen, ao seu través, se presentaba como inspirado vate da opción galeguista do unionismo provincialista aínda desenvolvido na cidade máis relevante da Galiza, onde precisamente nacera o xerme do pensamento que producira o importante pronunciamento político militar lucense de Solís, Vicente de Turnes aparécenos como un dos voceiros propiamente máis expresivos daquela facción castigada polas autoridades españolas mais reconvertida en aras da confianza no realismo liberal isabelino. Algo que, como tantas e tantas figuras do galeguismo decimonónico, non semellaba empecer o labor de quen aínda crían na validez duns precursores discurso e ideoloxía de xorne galeguista e en todo caso anunciadora do interesante e definitivo futuro que aos poucos situará as letras da Galiza nun lugar semellante ao do resto de literaturas europeas.

En follíñas cor de rosa e nun papel de moi pouca gramaxe, que loxicamente se supón para ser distribuída polas rúas compostelás co gallo de ser cantada a peciña alí impregnada cunha melodía especialmente fácil de asumir por quen non a ouvise nunca –por suposto non

conservamos a posíbel música do himno–, Turnes decide posicionarse como o vate da alegría do pobo galego xa non pola visita da cabeza visíbel da monarquía española, senón polo feito da confianza nunha continuidade xenética que se auguraba definitiva para un esquecido e aldraxado territorio galego. A enerxía, que o compostelán desenvolve en concreto cara á figura desa crianza futura seguidora da dinastía, aparece deseñada como tal xa desde os mesmos arrinques da peza, os versos do coro que, segundo os canons deste tipo de documentos, aconsellaban a súa apertura:

#### CORO

Alégrese todo o mundo  
desde o máis grande ó pequeno,  
pois á Reina ten un neno  
muy guapo gracias á Dios:  
A pesar das nosas mermas,  
e a falta que fai o viño  
ouro vale este meniño  
e bés sin conto pra nos.

#### COPLAS

Vamos á Vila miniñas,  
que eu xsa teño as castañolas  
pra dar catro cabriolas  
nas festas que en ela hai:  
Cántigas levo muy chuscas,  
que alá repinicaremos  
con vivas que votaremos  
a o miniño e a sua Nai.

Xsa nos esperan con gaitas,  
tamboriles é pandeiros  
as do Viso, as dos Cuncheiros,  
as de Aris, e as de Sar.  
Tamen da Rapadafolla  
de Conxso e cotos veciños,  
Ponte da Rocha e Chouciños  
queren á gaita tocar.

CORO. *Alégrese todo o mundo: etc. etc.*

Habrá bullanga e xsigantes,  
pólvora, frutas e vigüelas,  
e cortinas amárelas,  
nas ventanas e balcóns:  
Outras veredes vermellas  
con reveretes dourados  
e farfallares pintados  
que fan pasmar a ós mirós.

Por denoite candelexsas  
fachas, faroles, arañas,  
mecánecas con outras mañas  
de nova composición.  
Zanfonas e pandeiretas,  
parrandas, e carabanas,

repenique de campanas  
e moita adeverticion.

CORO. *Alégrese todo o mundo: etc. etc.*

Grobos subirán ó Ceu  
con astrucias, mui pintados,  
e os nomes estampados  
de Alfonsiño e de Isabel:  
Así a lua e as estrelas,  
terán segura noticia  
do que pode acó en Galicia  
o amor de un pueblo fiel.

Tamen haberá revista  
de frutos, liños, verduras,  
teas, madeiras, pinturas,  
é outras cousas do pais:  
Todo estará posto á vista  
dos curiosos forasteiros,  
como fan os estranxeiros  
de Londres, e de Paris.

CORO. *Alégrese todo o mundo: etc. etc.*

En fin como levo dito,  
habedes de estar contentas  
con tantas divirtimentas  
que na Vila hemos de ver.  
O caso non he pra menos,  
Pois á binda de Sabela,  
grandes bés a Compostela  
é á Galicia ha de traer.

Levará todo un bó xseito,  
pro compre moita pachorra  
e non pensar en camorra  
porque estaremos peor:  
Si temos paz os cartiños  
roxirán nas faltriqueiras,  
pro si hay vingas e senreiras  
o daño será mayor.

CORO. *Alégrese todo o mundo: etc. etc.*

A o Santo Apóstol pidamos  
que viva a Reina e o seu fillo,  
e que nos farten de millo  
as órdes do bolatin:  
De esta sorte levadeiras  
serán as nosas faenas;  
e con esto as miñas nenas  
á o meu cantar poño fin

CORO

Alégrese todo o mundo  
desde o máis grande ó pequeno,  
pois á Reina ten un neno  
muy guapo gracias á Dios:  
Apesar das nosas mermas,  
e a falta que fai o viño  
ouro vale este meniño  
*e bés sin conto pra nos.*

*V. de T. (Turnes 1858).*

Seguindo un plano de traballo baseado na rapidez –algo que se confirma polo uso dunha lingua non moi coitada (enchida de vulgarismos ou castelanismos) e en todo caso de corte e ambición extremadamente popularistas–, tras da primeira estrofa, a que abre e pecha o texto e que se desenvolverá repetitivamente ao longo dunha serie de cinco partes –as catro primeiras compostas por grupos de dezaseis versos e a derradeira por oito, todos eles octosílabos (ou, como sucede nalgún dos do coro, heptasílabos agudos<sup>6</sup>)–, a mensaxe que Turnes despreza no seu documento –pertencente ao subxénero lírico do himno, sen dúbida a mellor expresión para a alegría e para o contaxio do ideario que nel se pretende espallar– non busca máis que describir os fastosos acontecementos da visita rexia compostelá. Tamén quer expresar a ledicia e suprema confianza nos brillantes destinos que se lle auguran a unha Galiza defensora do continuísmo borbónico, neste caso salientando o carácter dunha raíña reinante presentada pola súa dimensión constitucionalista, e un neno do que mesmo se sinala ser portador dunha evidente beleza física –un príncipe “muy guapo gracias á Dios”. Todo remite á especialísima fusión que no programa monarquista español adoito emparentaba a figura do rei ou da raíña coa da divindade do catolicismo, na que pretendidamente se sustentaba.

Neste sentido seguindo as pautas tan ben trazadas, delimitadas e exhibidas pola actuación literaria do cura de Fruíme no século XVIII –neste sentido, é o núcleo cultural

<sup>6</sup> A elección de Turnes consistiu no uso da por entón moi de moda *octavilla italiana* que segue o esquema abbcdeec –preferida especialmente para os himnos–, isto é, conxuntos versais de oito sílabas con rima completa e incompleta e onde os c riman asonantándose un co outro. Valeuse dunha para o coro e, para as coplas, organizándoas en grupos de dúas seguidas do retroso da estrofa do coro. Xa que logo, no corpo das coplas e en total, o himno galego de Turnes desenvolve oito *octavillas*, en grupos de dúas, para, no final, decantarse por unha máis, que así mesmo se pecha coa repetición da do coro.

compostelán o que volve cobrar unha especial dimensión na vocación didáctica das letras galegas, neste caso prerrexurdentistas—, un Vicente de Turnes expresa e precisamente formado nos establecementos académicos da capital galega, un escritor cunha intensa vocación política e cunha sólida preocupación polo exercicio xornalístico; é quen de actuar, e amais cunha clara e definida conciencia, dun modo ferventemente entregado á causa dunha didáctica da literatura galega en chave precisamente cultural, isto é, manexando para iso, e despregándoos cunha habelencia grandemente destacábel, os máis precisos artefactos a prol da construción dun texto que, como a maior parte dos que debemos á súa pluma, querían atender a esa mesma necesidade de edificación dun aparello didáctico literario galego. E xa que nesos propios establecementos escolares onde, como aquel Pérez Batallón a quen debemos a conservación do himno que analizo, se formou o devandito Turnes del Río, nin se utilizaba nin moitísimo menos se promocionaba o material literario dunha cultura que, sabido era xa, estaba a sufrir o máis supremo dos desleixos institucionais, a falla e a inexistencia de textos xa non formativos senón expresivos dun idioma que ocupara os máis altos destinos da cultura europea pasada é o que, en suma, vai proporcionar na ideoloxía do provincialista compostelán o necesitado exercicio da posta en funcionamento de textos que, como este, desen contas da viveza e da enerxía dunhas letras galegas hábiles para a expresión máis popularista. Algo que finalmente non ía causar moitas molestias no centralismo estatalista da monarquía española que mesmo o Turnes propiamente defendía e na que confiaba.

#### 4. Conclusións

O himno de Turnes susténtase en dúas claras dimensións, e ambas especialmente informativas da súa validez como artefacto propiamente didáctico. Por un lado o mesmo feito de que sexa un texto de circunstancias nada rechamantemente dirixido cara ao apartado feminino e agochado na expresiva ledicia xeral da poboación da Compostela de 1858 é indicador—malia que tamén veña constatar como a literatura da Galiza decimonónica aínda estaba fundamentalmente repregada no rexoubeiro— dun

percurso encarreirado cara a unha vacilante institucionalización dunha lingua que, a pesar desa súa vocación prosmeira, era válida tamén para demostrar un público agarimo cara á persoa con maior proxección na sociedade española do momento. Por outro lado, o himno galego constitúese como unha folla informativa da vida e dos fastos organizados para a visita da raíña Isabel á Compostela dos mediados do século XIX, mesmo con críticas sutís a unha situación que a voz lírica confesa apesurada por mor das “mermas” padecidas.

Deste xeito, con efecto, por esta peza sabemos como naquela atrasada Compostela de 1858 se levaron a cabo uns grandes festivais onde non faltaron celebracións de corte e carácter tradicional galego —é así como se apela as raparigas d’O Viso, Concheiros, Arís, Sar, Rapadafolla, Conxo, Ponte da Rocha e Chouchiños, portadoras de castañas, frutas, pandeiretas, zanfonas, *vihuelas* e gaitas— e “bullanga, xsigantes, / pólvora (...) cortinas amárelas, / nas ventanas e balcós”, casas engalanadas con cores “vermellas / con reveretes dourados, / e farfallares pintados”. Tamén se alude a festas nocturnas, “candleixas / fachas, faroles, arañas, / mecánecas con outras mañas / de nova composición”, “parrandas, é carabanas, / repenique de campanas / e moita adevirtición”. Completa este cadro a pintura do lanzamento de globos de helio cos nomes da raíña e do príncipe estampados, así como postos de feira onde se vendían froitas, liños, verduras, teas, madeira, pinturas “e outras cousas do país”. E finalmente, talvez motivado polo carácter dun provincialista testemuña especial dos tristentos acontecementos que levarían os *mártires de Carral* á morte, a musa de Turnes non quer deixar de avisar dos seus desexos de concordia, apostando aberta e explicitamente pola necesidade dun exercicio de “moita pachorra / e non pensar en camorra / porque estaremos peor”: non por acaso remata expresando que “si temos paz os cartiños / roxsirán nas faltriqueiras, pro si hay vingas e senreiras / o daño será mayor”. Non por acaso se remata aludindo á imaxinaría católica do apóstolo padroeiro da capital galega, a quen pide pola raíña e polo príncipe, para que “nos farten de millo / ás ordes do bolatin: / De esta sorte leva-deiras / serán as nosas faenas”.



## 5. Fontes documentais e referencias bibliográficas

Barral Martínez, Margarita (2012): *A visita de Isabel II a Galicia en 1858. Monarquía e provincialismo ao servizo da nacionalización*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco / Consorcio de Santiago.

——— (2013): “Isabel II en Galicia (1858). Un viaxe de estética galdosiana”, en VV.AA., *X Congreso Internacional Galdosiano. Galdós, los fundamentos de una época*. Cabildo de Gran Canaria, pp. 386-394 (<http://actascongreso.casamuseoperezgaldos.com/index.php/cig/article/view/9365/8846>) [consulta: 6/03/2017].


Carvalho Calero, Ricardo (1962): *Historia da literatura galega contemporánea*. Vigo: Galaxia.

Couceiro Freijomil, Antonio (1954): *Diccionario bio-bibliográfico de escritores*. Santiago de Compostela: Editorial de los Bibliófilos Gallegos, vol. III (P-Z).

Pardo de Neyra, Xulio (2001): *O labor lírico do ilustrado cura de Fruíme. Textos galegos de Zernadas y Castro*. Santiago de Compostela: Lairovento.

Turnes, Vicente de (1858): “Himno Gallego a S.M. la Reina Doña Isabel 2ª y a su agosto hijo el Serenísimo Señor Don Alfonso, Príncipe de Asturias” (folla voandeira). Santiago de Compostela: Imp. de Jacobo Souto e fillo [asinado como *V. de T.*], Arquivo da Casa-Grande de S. Martín de Carballido (Lugo), Secc. “Documentación do Dr. Manuel Pérez Batallón” [tamén se custodian dúas copias na Biblioteca Xeral da Universidade de Santiago de Compostela, Secc. “Monografías”, sig. 1827 (posúen a ref. RSE.VAR 19 e RSE.FOLLXIII, e un dos exemplares é accesíbel en: <http://www.galiciana.bibliotecadegalicia.xunta.es/gl/consulta/registro.cmd?id=4640>; consulta: 07/04/2017)].

Vilavedra, Dolores (coord.) (1995): *Diccionario da literatura galega. I. Autores*. Vigo: Galaxia.



Vicente Turnes, *Himno gallego...* (Arquivo da Casa-Grande de S. Martiño de Carballido Lugo, Secc. "Documentación do Dr. Manuel Pérez Batallón", fol. 1r)

as de Aris, e as de Sar.  
 Tamen da Rapadafolia  
 de Conxso e cotos veciños,  
 Ponte da Rocha e Chouchiños  
 queren á gaita tocar.  
 Coro. *Alégrese todo ó mundo: etc. etc.*

Habrá bullanga e xsigantes,  
 pólvora, frautas, vigüelas,  
 e cortinas amarelas,  
 nas ventanas é balcós:  
 Outras veredes vermellas  
 con reveretes dourados,  
 e farfallares pintados,  
 que fan pasmar á os mirós.

Por denoite candeléxsas  
 fachas, faroles, arañas,  
 mecánecas con outras mañas.  
 de nova composecion.  
 Zanfonas e pandeiretas,  
 parrandas, e carabanas,  
 repenique de campanas.  
 e moita adevirticion.

Coro. *Alégrese todo o mundo: etc. etc.*

Grobos subirán ó Ceu  
 con astrucias, mui pintados,  
 e os nomes estampados  
 de Alfonsiño e de Isabel:  
 Asi a tua e as estrelas,  
 terán segura noticia,  
 do que pode acó en Galicia  
 o amor de un pueblo fiel.

Tamen haberá revista  
 de frutos, liños, verduras,  
 teas, madeiras, pinturas,  
 é outras cousas do pais:  
 Todo estará posto á vista  
 dos curiosos forasteiros,  
 como fan os estranxeiros  
 de Londres, e de Paris.

Coro. *Alégrese todo o mundo: etc. etc.*

En fin como levo dito,  
 habedes de estar contentas  
 con tantas divirtimentas  
 que na Vila hemos de ver.  
 O caso non he pra menos,  
 pois á binda de Sabela,  
 grandes bés á Compostela,  
 é á Galicia ha de traer.

Levará todo un bó xeito,  
 pro compre moita pachorra  
 e non pensar en camorra  
 porque estaremos peor:  
 Si temos paz os cartiños  
 roxsirán nas faltriqueiras,  
 pro si hay vingas e senreiras  
 o dano será mayor.

Coro. *Alégrese todo o mundo: etc. etc.*

A o santo Apóstol pidamos  
 que viva a Reina e o seu fillo,  
 e que nos farten de millo  
 as órdes do bolatin:  
 De esta sorte levadeiras  
 serán as nosas faenas;  
 e con esto miñas nenas  
 á o meu cantar poño fin.

**CORO.**

*Alégrese todo o mundo  
 desde o mais grande o pequeno  
 pois á Reina ten un neno  
 muy guapo gracias á Dios.  
 Apesar das nosas mermas  
 e a falta que fai o viño  
 ouro vale este meniño  
 e bes sin conto pra nos.*

*V. de T.*

Santiago. Imp. de Jacobo Souto é Hijo.